

A portrait of Emma Torres Romay, a woman with long dark hair, wearing a black jacket over a white shirt. She is sitting at a table near a large window with a view of a building and a blue sky. The lighting is bright, coming from the window.

*Quero ser
investigadora*

Universidade de Vigo

5

**Emma
Torres
Romay**

QUERO SER INVESTIGADORA 5 | Emma Torres Romay

Edición

Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección

Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística

Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión

Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2025

D.L

VG 291-2025

ISBN

978-84-1188-063-3

Autora das fotografías

Charo Lopes

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Emma Torres

A paixón por crear e comunicar

Emma Torres aprendeu dende pequena que co esforzo se pode chegar moi lonxe. Criouse vendo como a súa nai cosía roupa e como o seu pai construía con madeira e metal. Iso inspirouna a querer crear cousas coas súas propias mans.

De nena quería ser deseñadora de moda, pero por diferentes razóns acabou estudando Publicidade. Foi entón cando descubriu que lle apaixonaba a comunicación e decidiu investigar sobre este mundo.

Como descubraches que che gustaba a comunicación?

Nos meus cadernos da escola debuxaba vestidos, pero tamén creaba **logotipos** para a miña marca de roupa. Sen sabelo, xa me interesaba a publicidade!

Quen che inspirou a investigar?

A miña nai e o meu pai ensináronme a ter curiosidade. Ademais, o meu profesor Alberto Pena animoume a facer un doutoramento e ver a investigación como unha carreira profesional.

Que impacto queres ter co teu traballo?

A publicidade pode usarse para vender, pero tamén para transmitir valores e facer o mundo máis xusto. O meu obxectivo é mellorar a publicidade para que sexa máis responsable.

Logotipo

Debuxo ou imaxe que representa a unha marca, unha empresa ou un produto.

Serve para que as persoas o recoñezan rápido.

Algúns logotipos teñen so letras, outros so debuxos, e algúns mesturan os dous. Vémoslos en camisetas, carteis e moitas outras cousas.

Moitos son moi coñecidos: o símbolo de nike, o M de Macdonald's, o sorriso de amazon...

Que mitos sobre as científicas che gustaría cambiar?

Que unha científica non sempre leva bata branca!
A investigación é importante en moitos campos,
como a comunicación.
Necesitamos máis mulleres investigando
en todas as áreas.

Como lle explicarías a comunicación publicitaria a unha nena de 12 anos?

É unha forma de contar historias
para que alguén coñeza un produto ou servizo.
Pero é importante pensar antes de comprar
e saber se realmente o necesitas.

Que superpoder che gustaría ter?

Teletransportarme!

Viaxo moito por traballo e
gustaríame chegar a calquera lugar
sen perder tempo en aeroportos.

Tes algún lema para o teu traballo?

A importancia dos detalles.

As pequenas cousas marcan a diferenza.

Se non foses científica, que serías?

Quizais deseñadora de moda ou arquitecta.

Sempre me gustou crear!

Un mito sobre publicidade que teñas que desmentir?

Que a publicidade só serve para vender.

Pode educar, concienciar e mellorar o mundo.

Que che gustaría que fixese a intelixencia artificial por ti?

Corrixir exames!

Avaliar é das cousas máis complicadas como profesora.

Emma Torres cre que con esforzo se pode chegar moi lonxe e que a comunicación pode cambiar o mundo. O seu traballo busca facer da **publicidade** unha ferramenta máis xusta e responsable.

Publicidade

Ferramenta de marketing que serve para dar a coñecer produtos para estimular o seu consumo, transmitir unha mensaxe positiva con relación a unha marca e fortalecer a presenza dunha empresa na mercado.



UniversidadeVigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

